



DEPORTE
GALEGO

CAMPIONATO PROVINCIAL ABSOLUTO OURENSE 2023

“Xunta de Galicia”

INSCRICIÓNS no enderezo electrónico xadrezouuni@gmail.com, ata o 3 de marzo de 2023 ás 22 horas.

LOCAL DE XOGO Edificio de Humanidades do Campus Universitario de Ourense (edificio de ferro)

DIRECCIÓN: Lino Hermida Araujo

ÁRBITRO PRINCIPAL: Al David González Gándara.

PREMIOS: Trofeos para os tres primeiros clasificados

CLAUSURA: O 12 de marzo, ó rematar a última partida.

Rolda 1	05/03/2023	10:00	Rolda 4	12/03/2023	10:00
	3				
Rolda 2	05/03/2023	12:00	Rolda 5	12/03/2023	12:00
	3				
Rolda 3	05/03/2023	17:00	Rolda 6	12/03/2023	17:00
	3				

1. Sistema de emparellamento suízo a 6 roldas, xestionado polo programa Vega. Unha vez finalizada cada rolda, publicaranse os resultados das partidas en <https://info64.org/provincial-absoluto-ourense-2023>, habendo un prazo de 10 minutos para a reclamación de posibles erros en ditos resultados. Unha vez pasado estes prazo, publicarase o emparellamento na citada web. Calquera reclamación posterior a dito prazo tratarase de acordo o establecido no artigo D.8 das Reglas Xerais de Xestión de Torneos por Sistema Suízo (Handbook FIDE, C.04.2)
2. No caso de empates na clasificación utilizaranse os seguintes sistemas, na orde que resulte do sorteo realizado ó remate da última partida do torneo: Enfrontamento directo / Bucholz Brasileiro (- peor resultado) / Bucholz Total / Sonneborn-Berger / APRO.
3. 45 minutos máis 15 segundos de incremento por xogada para cada xogador.
4. A tolerancia por retrasos será dun máximo de 30 minutos desde a hora de comezo programada para a rolda. A incomparecencia non xustificada dun xogador para unha rolda suporá a eliminación do xogador.
5. O Comité de Competición estará formado por: O Director do Torneo, o árbitro principal e os 2 xogadores de maior ránking de entre os participantes, sendo suplentes os 2 seguintes.
6. Esixirase ós participantes unha adecuada conduta na sala de xogo. Non se poderá elevar o ton de voz mentres haxa partidas en xogo. Para solicitar a presenza do árbitro nunha mesa, a persoa reclamante deterá o reloxo e dirixirase discretamente ó árbitro que estea presente na sala. Unha actitude contraria ó descrito pode supoñer unha sanción de tempo na partida ou incluso a eliminación do torneo do infractor. Non serán permitidos análises na propia sala de xogo.
7. Non estará permitido o emprego de aparellos electrónicos na sala de xogo (teléfonos, reprodutores, smartwatches, etc.). A súa utilización, ou calquera son producido por estes (chamada, alarma, vibración, mensaxe) suporá a perda da partida. Poderanse considerar excepcións consultadas co árbitro principal.
8. As planillas orixinais son propiedade da organización.
9. Os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
10. A participación no torneo implica a aceptación destas bases.